

CPI Ponte Carreira. Plan de Biblioteca.

a.- Introducción.

A Biblioteca do CPI Ponte Carreira ten o espírito dunha biblioteca dinámica e polivalente pola que traballar e na que aprender. Na súa filosofía está cumprir co noso alumnado e cos novos plantexamentos didácticos e metodolóxicos do século XXI.

Intégrase para elo dentro da comunidade educativa xogando un papel relevante na consecución dun ensino de calidade e en liberdade. Buscamos a través da biblioteca e da súa interacción cos distintos departamentos e coordinacións dinamizadoras do centro, cubrir ás necesidades formativas do noso alumnado contribuíndo ao desenvolvemento dunha educación integral que lle facilite tanto o acceso, con garantías de éxito, a outras etapas educativas, como a súa incorporación á vida social como cidadáns libres, críticos, responsables, participativos e solidarios.

b.- Análise do contexto

O CPI Ponte Carreira é un centro educativo do rural galego e inevitablemente vese na obriga de ofrecer ao seu alumnado a través da súa biblioteca unha ventá ao mundo, unha ampliación de horizontes, que lles permita ir adquirindo as ferramentas que posibiliten a súa integración na sociedade unha vez finalicen a ensinanza secundaria obrigatoria. E de aí precisamente a importancia do investimento, o traballo ben feito e o compromiso.

O núcleo do equipo de biblioteca é un equipo estable, xa cun sólido percorrido. Con todo é necesario seguir na liña iniciada, e non é do todo sinxelo compaxinar as funcións docentes coas tarefas de xestión e dinamización da biblioteca. Moitas veces carecemos de tempo e a nosa formación resulta insuficiente. Sinalar que as ganas de facelo o mellor posible non nos cuestionamos e seguimos cara adiante.

Con respecto aos espazos sinalar que a biblioteca se atopa dividida en dúas localizacións, unha no edificio de primaria (recentemente reformada) e outra no de secundaria. As dúas expoñen a mesma filosofía: unha biblioteca viva, con puntos

diferenciados que promovan contextos distintos para a lectura, informal e informal, o traballo equipo, o debate, o xogo compartido... Ademais contamos cun espazo en secundaria diferenciado para o club de lectura, que tamén xestiona o equipo de biblioteca e que este curso empeza a compartir con benestar.

Desde a biblioteca expomos a necesidade da converxencia e integración de múltiples accións illadas para mellorar a comprensión e a afección lectora do noso alumnado. O Proxecto Lingüístico, o TIL ou o Plan Lector, deben compartir o marco e os obxectivos coa biblioteca debido a que a fronte é común e o traballo coordinado comunicaranos máis facilmente co éxito.

A biblioteca non pode limitarse a actuacións básicas de catalogación, préstamo ou lectura en silencio. É necesario que se erixa como ente activo que contribúe do mesmo xeito que todas e cada unha das materias ao desenvolvemento da competencia lingüística do alumnado, e para iso é imprescindible que as accións realizadas desde e coa biblioteca teñan repercusión e impacto no centro.

O papel da biblioteca escolar é esencial na creación de ambientes propicios para a lectura, a proposta de itinerarios lectores, a integración das fontes informativas e das tecnoloxías da comunicación, o deseño e a realización de actividades para o fomento da lectura e a escritura fundamentadas, coherentes, estruturadas, sistematizadas e eficaces.

c.- Obxectivos.

Como liñas de actuación que guiarán o traballo da Biblioteca do CPI de Ponte Carreira para este curso sinalaremos

- Como prioridade para poder ofrecer un servizo de calidade temos o obxectivo de adaptarnos definitivamente (e formar a todos os membros do equipo de) ao novo programa KOHA que substituíu ao MEIGA.
- Seguiremos a buscar unha conexión máis firme e máis visible entre as seccións da biblioteca no noso Centro, EIP e ESO, a través, por exemplo, da consolidación das lecturas compartidas.
- Temos pendente unha revisión dos fondos da biblioteca e un expurgo concienzudo dos mesmos.

- Seguiremos promocionando o uso da Biblioteca como espazo de traballo que se pode e débese usar.
- Manteremos o sentido da “biblioteca, viveiro de cidadanía” iniciado fai xa dous cursos, e no que se ve implicada toda a comunidade educativa. Especial reforzo nesta tarefa é A HORA DE LER, que se converte nese momento no que a aprendizaxe vai máis aló dunha materia concreta.
- Continuaremos afianzando as bibliotecas de aula en secundaria que teñen moi boa acollida. Tentaremos involucrar na medida do posible ao alumnado para facer as seleccións trimestrais para cada grupo.
- Continuaremos coas xornadas de formación de usuarios en primaria e comezaremos tamén en secundaria. O obxectivo é que os nosos alumnos sexan usuarios competentes nesta e en calquera outra biblioteca.
- Potenciaremos a difusión de contidos e recursos a través do blogue da biblioteca e da conta de instagram.
- Continuaremos co apoio e coordinación de todas aquelas melloras relacionadas co Poxecto Lector de Centro.
- Despois de abordar mediante un grupo de traballo no centro o TIL buscaremos como enfocar desde a biblioteca esa convivencia de linguas con algunha actividade concreta.
- Seguiremos ademais apoiando e participando en todos aqueles proxectos que xurdan no Centro desde os distintos departamentos e tamén desde Normalización e Benestar. E buscaremos atopar neses mesmos departamentos o enriquecemento das actividades propostas dende a propia Biblioteca.
- Traballaremos para que a biblioteca do noso centro continue sendo un espazo atractivo que ofrece ao alumnado novidades bibliográficas, aprendizaxes multidisciplinares, convivencia de calidade, cultura, diversión, reflexión...
- Tentaremos buscar unha coordinación da biblioteca máis fructífera instaurando a lo menos unha reunión trimestral dos membros do equipo de biblioteca que axude a un mellor funcionamento e reparta de maneira compesanda tarefas e obrigas.

d.- Procedementos de seguimento e avaliación e difusión.

A **avaliación** é fundamental para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos e levar a cabo actuacións encamiñadas a mellorar os servizos. Sinalar antes de empezar que este Plan xorde co espírito de ir mellorando cada curso para responder as necesidades que vaian aparecendo e para funcionar como un documento efectivo e viable na práctica.

Farase por un lado unha **avaliación de seguimento** e por outra banda, xa a finais de curso, unha **avaliación sumativa**. Para levar a cabo a avaliación teremos en conta:

- A presenza de usuarios na biblioteca e os préstamos realizados.
- A implicación do alumnado e do profesorado nas actividades organizadas.
- As necesidades que vaían xurdindo na posta en marcha do Plan.
- Os resultados das enquisas que realizamos a final de curso, nas que os usuarios poidan valorar as actividades realizadas e os servizos prestados, así como realizar todo tipo de suxestións de mellora e ampliación.

Para darlle publicidade e difusión a este plan será aprobado no Claustro e presentado ao Consello Escolar. Será incluído ademais na **Programación Xeral Anual** e na páxina web do centro para a súa consulta por parte de todos os membros da Comunidade Educativa.

No remate do curso realizarase por parte do equipo da biblioteca unha **Memoria Final** na que se incluírán todos aqueles aspectos relevantes de todo o relativo a biblioteca.

e.- Organización, funcionamento e horario da biblioteca.

A persoa **coordinadora** do equipo da biblioteca será Marga de Azevedo (Lingua Castelá). En primaria conta coa axuda imprescindible de Diana Sánchez que xestiona esa sección de primaria e ocúpase da loxística e as adquisicións.

Horario previsto:

- A Coordinadora conta con dúas sesións de coordinación, unha garda e atenderá a biblioteca en catro dos cinco recreos en secundaria.
- O equipo de apoio e o horario previsto é o seguinte:

- Primaria: (1 hora cada un): Diana Sánchez (infantil), Rosario Ares (inglés), Francisco Manuel López (música).
- Secundaria (1 hora cada un): Verónica Boo (PT); Josefa Méndez (lingua galega); Laurence Comte (francés).

Os **servizos** que se ofrecerán desde a biblioteca este curso son os seguintes:

- Consulta e préstamos individuais durante os recreos.
- Bibliotecas de aula para a Hora de Ler.
- Acceso a Internet durante os recreos en función da dispoñibilidade.
- Información e asesoramento sobre materiais e novidades de interese para os membros da comunidade educativa.
- Apoio aos plans e proxectos que se celebran no centro.
- Organización de actividades de carácter cultural e pedagóxico cuxos obxectivos son o fomento da lectura e escritura, así como o desenvolvemento da competencia informacional.
- Difusión a través das redes sociais das tarefas e información de interese da nosa biblioteca (blog e conta de Instagram).